

DAVID

É a identidade do mozo da zondia que vencera ao xigante Goliat, o título da peza de Miguel Anxo Buonaroti, o nome dun rapaz de doce anos que vive n'Agolada e é un feliz activista da vila dos Pendellos: cultura, deporte, limpeza, cámara dixital na mau e vista atentas. Gasta na fala a fonética galega que se dá a diario desde este cerne central do país das resistencias. David, doce e alegre, David o meu colega máis novo. O pasado domingo foi o segundo “Encontro dos Amigos dos Pendellos” nun día feliz para todos, pero sobremaneira para Manuel Caamaño Suárez, o presidente da Asociación Cultural máis sobranceira d'A Coruña, aquela que polos anos setenta e oitenta convocaba aos autores literarios de Galicia, novos e vellos, para o concurso máis merecente das Letras do noso mundo: a escrita para os nenos, o Concurso de Contos e de Teatro infantil O Facho. David, desde a mañá cediña debía tamén sabelo e xa era unha máquina de captación de imaxes, de percorridos para a memoria que ha ficar en todos nós como testemuño, aquí e alá de todas as fronteiras. Noutro día grande para Agolada, David crónica de convivios, reencontro xeracional, a lealdade dos amigos. Aquí estaba el. Como no día antes e antes de antes limpando as pedras mancadas polos desprecios, que as queren ver definitivamente no ventre das palas, borradas e varridas para sempre da memoria de Galicia e da propia familia da casa que detesta a herdanza sen reás, pesetas, euros. Son os que non aman: a ignorancia dos colonos e dos escravos, educados para as alienacións e para o odio. Eles. E velaí ao meu amigo botando cabos de esperanza para unha vila de futuro sen complexos, na que nin siquera naceu e na que vive, pleno de compromiso, de feliz entrega á causa e ao soño dos seus pais: Carme e Ángel Utrera Baza, ela médica, que veu desde Ferrolterra e el gaditano, a antiga Gades, arestora “cunca de prata”, marabilla andaluza. David, nos dous días previos á celebración do Encontro nos Pendellos, non quixo a cámara consigo para retratar ao seu pai limpando, á mau, sen luvas protectoras do infecioso abandono, cada corredor, cada espacio aldraxado polo lixo: plásticos, vidros rotos, calzas podres, materia de noxo, podremia...coa que os necios mancan corpo e alma desta arquitectura popular que todos recibimos das familias que nos antecederon: tan limpas, tan de amor, tan de fillos e netos e bisnetos. A tecnoloxía dixital non é aínda capaz de retratar tal magnitude. Pois por todas, todos, vai este recado de urxencias na persoa de David Utrera e do seu irmau pequeno, Marcos, fillos os dous das boas estirpes que se achegan desde lonxe á nosa historia de Feira e Patrimonio, e son tamén connosco orgullo de veciños que se implican. Que a vida vos encha en permanencia de saúde e de ledicias.

XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR